

O martes 20 de Xaneiro as 20:00 h. inaugúrase na sala de exposicións da Delegación do COAG na Coruña a exposición:

## **ANDRES FERNANDEZ-ALBALAT LOIS ARQUITECTO**

É a terceira exposición dedicada á revisión do material orixinal procedente do arquivo de distintos arquitectos galegos que realizamos e comisariamos dentro do espazo do COAG A CORUÑA. Esta serie de exposicións comezou cun recordo dedicado a Carlos Meijide revisitando os seus proxectos de vivendas, principalmente do edificio "Trébol", e continuou coa exposición dos proxectos do Mercado de Santa Lucía e do Museo de Arte Sacra, ambas as dúas na Coruña, obra de Manuel Gallego

Un concepto de exposición baseado abrigo na complicidade, entusiasmo e xenerosidade dos compañeiros que nos abren os seus arquivos e participan do xogo que con alegría lles propoñemos. Un xogo, coa seriedade que levan consigo todos os xogos, baseado nunha humildade militante nos medios (presuposto medio 200 €, a grandeza é a intención, como ben nos recordou Le Corbusier) e na reciclaxe constante do material existente na propia Delegación do COAG na Coruña. Exposicións orgullosamente humildes, sen aparato expositivo, que poida interceder na relación directa, inmediata entre o material exposto e o observador interesado neste.

Nestes tempos dixitais, onde inmediatamente a través das redes e as webs se mostra case "pornográficamente" o traballo realizado polos arquitectos, coa inflación de información que iso supón, fomos conscientes da necesidade de rescatar dos arquivos dos arquitectos galegos todo ese material alí atesourado, que sen a oportunidade de exposición pública son de difícil coñecemento e estudo. De aquí o interese de realizar este tipo de exposicións, que veñen a ser unha oportunidade de reflexionar sobre a arquitectura a través dos seus documentos principais, os planos. O debuxo como ferramenta e medio de coñecemento.

Entendemos que o mellor xeito de volver sacar á luz, de volver mirar estes documentos, no seu formato e material orixinal, tal e como foron concibidos e executados, era devolvelos ás mesas. Ao mesmo humilde espazo onde foron realizados, observados e reflexionados, talvez mil e unha veces corrixidos. O paso do soporte papel ao soporte "pantalla" é un tema aínda non estudado en canto ás súas repercusións sobre a realidade construída. O cambio de técnica evidentemente produciu cambios na propia execución e pensamento da arquitectura. Estas exposicións tratan polo tanto de indagar no debuxo como medio de coñecemento e reflexión, como espazo de pensamento, sendo este o verdadeiro material da arquitectura.

Esta nova exposición, sorprendentemente a primeira exposición dedicada a un arquitecto como Andrés, de tan dilata e poderosa carreira, busca polo tanto o contacto directo con todos aqueles interesados e comprometidos coa arquitectura realizada e construída en Galicia, queréndose aproximar especialmente ás novas xeracións para que observen en primeira liña e de primeira man o traballo e o modo de facelo, de concibilo e executalo dos seus compañeiros de oficio de xeracións anteriores.

Confiamos que este tipo de exposicións, é o noso desexo, anime a que se produzan e reproduzan, por todo o país, iniciativas similares que nos aproximen non só a un coñecemento máis rigoroso da arquitectura galega senón tamén a un recoñecemento de todos aqueles arquitecta/ás que a fixeron posible co seu traballo e entusiasmo.

**A Coruña 15/1/15**

**Concepción García + Jorge Meijide + Carlos Pita**